

**ANEXO IX**  
**AXUDAS DE CUSTO E QUILOMETRAXE**  
 (modelo de recibín)

Don/a \_\_\_\_\_, NIF \_\_\_\_\_, con domicilio na rúa \_\_\_\_\_,  
 número \_\_\_\_\_, código postal \_\_\_\_\_, localidade \_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_

RECIBÍN de \_\_\_\_\_  
 (Nome do MRP ou Asociación)

pola miña participación na actividade:

(Nome da actividade)

en concepto de:

<i>AXUDAS DE CUSTO:</i>	Nº de comidas	Prezo/comida	A percibir
	_____ X _____ = _____		
<i>HOTEL:</i>	Nº de días	Prezo/día	A percibir
	_____ X _____ = _____		
<i>QUILOMETRAXE:</i>	Nº de quilómetros	Prezo/quilómetro	A percibir
	_____ X 0,19 = _____		

Total a percibir: \_\_\_\_\_ =  
 (Cantidade en letra)

_____ €
_____

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2007  
 (Sinatura)

**ANEXO X**

**CONSENTIMENTO DE PUBLICACIÓN DOS DATOS RELEVANTES DAS AXUDAS NOS REXISTROS PÚBLICOS CREADOS NOS ARTIGOS 44 E 45 DA LEI 7/2005, DO 29 DE DECEMBRO**

Don/a \_\_\_\_\_, NIF \_\_\_\_\_, con domicilio na rúa \_\_\_\_\_,  
 número \_\_\_\_\_, código postal \_\_\_\_\_, localidade \_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_, representante legal da entidade \_\_\_\_\_ consente que, de conformidade co preceptuado na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Administración faga pública nos rexistros anteditos os datos relevantes referidos ás axudas recibidas.

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2007  
 (Sinatura)

*Orde do 29 de maio de 2007 pola que se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2006-2007.*

A orde do Ministerio de Educación e Cultura do 13 de decembro de 1999, pola que se crean os premios nacionais de bacharelato e se establecen os requisitos e o procedemento para a súa concesión (BOE do 25 de decembro), determina no seu artigo 3.1º que as comunidades autónomas con plenas competencias en materia educativa poderán convocar e conceder premios extraordinarios de bacharelato nos seus ámbitos territoriais.

Na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, facendo uso desta habilitación e das atribucións que ten conferidas, e de acordo co disposto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 11 de decembro), en todo aquilo que non se opoña ao Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, tras a modificación operada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo,

**DISPÓN:**

**Artigo 1º**

Convócanse en Galicia os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2006-2007.

**Artigo 2º**

1. Poderase conceder un máximo de 21 premios extraordinarios.

2. Cada premio estará dotado con 732 €, con cargo á partida orzamentaria 09.02.423A.480.1 cunha dotación global de 15.372 €.

3. Os/as premiados/as presentarán a certificación da titularidade dunha conta bancaria con 20 díxitos na cal se ingresará mediante transferencia bancaria a dotación do premio. Esta cantidade estará suxeita ás retencións que legalmente correspondan.

4. Estes premios extraordinarios de bacharelato son compatibles con calquera outro premio, incluídos os premios nacionais de bacharelato, agás os convocados co mesmo fin polas administracións educativas doutras comunidades autónomas.

**Artigo 3º**

1. Poderá optar ao premio extraordinario de bacharelato o alumnado que cursase en centros docentes españois, tanto de carácter público como privado, os dous cursos de calquera modalidade de bacharelato e que finalizase estes estudos na Comunidade Autónoma de Galicia no ano académico 2006-2007.

2. Para poder participar nesta convocatoria será necesario que a media das cualificacións obtidas nos dous cursos sexa igual ou superior a 8,75 puntos.

3. Para obter a nota media computaranse exclusivamente as cualificacións obtidas nas materias comúns, propias de modalidade e optativas, dos dous cursos de bacharelato, tendo en conta o disposto no artigo 5.3º do Real decreto 2438/1994, do 16 de decembro, polo que se regula o ensino da relixión no sistema educativo.

4. A cualificación será a media aritmética das cualificacións do conxunto de materias a que se refire o punto anterior, expresada con dous decimais.

#### Artigo 4º

1. O prazo de solicitude será dun mes contado a partir do día seguinte ao de publicación desta convocatoria.

2. Para o alumnado que remate o bacharelato na convocatoria de setembro establécese un prazo extraordinario de solicitude ata o día 10 de setembro de 2007.

3. Para formalizar a solicitude deberá presentarse a seguinte documentación:

- a) Instancia cuberta segundo o modelo do anexo I.
- b) Certificación académica segundo o modelo do anexo II.
- c) Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte.
- d) Declaración xurada de non ter percibido outros premios convocados co mesmo fin polas administracións educativas doutras comunidades autónomas.

4. A instancia e demais documentación deberá presentarse no instituto de educación secundaria en que se atope o expediente académico do/a solicitante, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5. Rematados os prazos de solicitude, as direccións dos institutos de educación secundaria comunicarán, segundo o anexo III, ao Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, por fax (981 54 65 42) ou correo electrónico (sacse@edu.xunta.es), nos dous días seguintes aos do remate dos prazos, a lista do alumnado inscrito coa indicación da lingua estranxeira cursada e a opción pola que opta o alumno nas materias que conforman a segunda parte da proba segundo a distribución que figura no anexo IV, e remitirán, por envío urxente, as solicitudes que estean no seu poder ao citado servizo.

6. De acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, se a solicitude non reunise os requisitos precisos requirirase o interesado para que, no prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, indicándosele que, de non facelo, se considerará como desistido da súa petición, arquivándose esta logo de resolución que deberá ditarse nos termos do artigo 42.1º da citada lei.

#### Artigo 5º

1. A proba estruturarase en dúas partes, que se realizarán nun tempo máximo de dúas horas cada unha:

Primeira parte:

a) Análise e comentario crítico dun texto sobre un tema de carácter xeral, histórico, filosófico ou literario.

b) Resposta a cuestións de carácter cultural, ou lingüístico sobre un texto na lingua estranxeira cursada polo alumno como materia común de bacharelato. O exercicio realizarase sen dicionario no idioma correspondente.

Segunda parte:

Desenvolvemento de temas, respostas a cuestións e/ou exercicios prácticos de dúas materias cursadas polo alumno segundo as opcións que se recollen no anexo IV.

2. Os exercicios da proba cualificarase entre 0 e 10 puntos cun decimal.

A puntuación definitiva será a suma total de cada unha das cualificacións obtidas. Para aspirar ao premio extraordinario, o alumnado deberá obter, como mínimo, cinco puntos en cada exercicio e 28 puntos ou máis na cualificación total.

Posto que o número de premios propostos non pode ser superior ao que resulte da aplicación do artigo 2º desta orde, en caso de empate darase preferencia: primeiro a mellor nota media referida no artigo 3.3º, despois a cualificación da primeira proba e finalmente a cualificación da segunda proba. De persistir o empate o tribunal procederá a realizar un sorteo.

3. As probas realizaranse no mes de setembro de 2007, en lugares e datas que se publicarán oportunamente mediante resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* na primeira decena dese mes.

#### Artigo 6º

1. O tribunal encargado de elaborar, supervisar e avaliar as probas estará presidido pola directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, ou persoa en que delegue, e constituído por funcionarios dos corpos de inspectores de educación e/ou por profesores de ensino secundario especialistas nas distintas materias obxecto da proba, designados pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. Actuará como secretario/a, con voz e sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

2. Para efectos de colaboración no disposto no parágrafo anterior poderanse constituír comisións delegadas integradas por membros do tribunal e outros especialistas nas distintas materias que compoñen as probas.

3. A percepción de asistencias do tribunal e das súas comisións delegadas aterase á categoría correspondente segundo o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

4. Na primeira quincena do mes de outubro de 2007 o tribunal fará pública a acta provisional coas cualificacións obtidas polos candidatos a través do portal educativo da Xunta de Galicia, <http://www.edu.xunta.es>.

5. O alumnado examinado, ou os seus/as súas pais/nais ou representantes legais, poderán reclamar por escrito contra a cualificación obtida, mediante instancia dirixida á directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, presentándoa no rexistro da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo de San Caetano de Santiago de Compostela, no prazo de dez días a partir do seguinte a aquel en que sexan públicas as cualificacións.

#### Artigo 7º

1. Unha vez resoltas as reclamacións, o tribunal elaborará a acta coa proposta definitiva de adxudicación dos premios extraordinarios.

O orixinal quedará arquivado na Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e serán remitidas copias del á Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, aos reitorados das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, á Subdirección Xeral de Bolsas e Promoción Educativa do Ministerio de Educación e Ciencia e ás delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2. De acordo coa proposta feita polo tribunal, a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa elevará a dita proposta para a publicación do *Diario Oficial de Galicia* da resolución de concesión ditada pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

3. O prazo máximo para notificar a resolución deste procedemento será de oito meses desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria, tendo efectos desestimatorios a falta de resolución expresa nese período.

#### Artigo 8º

Contra a devandita resolución de adxudicación dos premios poderase recorrer mediante recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben impugnala directamente na vía xurisdiccional ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación, de conformidade coa Lei 9/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

#### Artigo 9º

1. O alumnado que obteña premio extraordinario de bacharelato poderá optar, logo de inscrición, ao premio nacional.

2. A obtención do premio extraordinario será anotada no expediente académico do alumno polo/a secretario/a do instituto de educación secundaria en que se atope o seu expediente académico.

3. Así mesmo, o/a secretario/a do tribunal anotaráo no libro de cualificacións mediante a dilixencia correspondente. Para iso, os interesados deberán enviar, no

prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da publicación da citada resolución de concesión dos premios, o seu libro de cualificacións ao Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

#### Artigo 10º

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión dos premios e, en todo caso, a obtención concorrente doutros premios convocados co mesmo fin polas administracións educativas de outras comunidades autónomas, poderá dar lugar á modificación ou resolución do premio concedido.

#### Artigo 11º

O alumnado gañador dos premios ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control, segundo o artigo 4.2º h) do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 12º

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízanse as direccións xerais de Ordenación e Innovación Educativa e a de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia a adoptar os actos e medidas necesarias para a aplicación desta orde.

Segunda.-Contra esta orde poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben impugnala directamente na vía xurisdiccional ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación, de conformidade coa Lei 9/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2007.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ANEXO I*

PROCEDEMENTO <b>PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE BACHARELATO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED311A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO (PARA EFECTOS DE COMUNICACIÓN)		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	DATA DE NACEMENTO
CORREO ELECTRÓNICO		TELÉFONO MÓBIL	
CENTRO (OU CENTROS) EN QUE CURSOU OS SEUS ESTUDOS		IES AO QUE ESTÁ ADSCRITO (SÓ PARA ALUMNOS DE CENTROS PRIVADOS)	
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL
PRIMEIRO IDIOMA ESTRANXEIRO CURSADO NO BACHARELATO <input type="checkbox"/> Alemán <input type="checkbox"/> Francés <input type="checkbox"/> Inglés			
MODALIDADE DE BACHARELATO CURSADA <input type="checkbox"/> Artes. <input type="checkbox"/> CC. da natureza e saúde <input type="checkbox"/> Humanidades e CC. sociais <input type="checkbox"/> Tecnoloxía		INDICAR A OPCIÓN ELIXIDA PARA O EXAME DAS MATERIAS OU PROPIAS DE MODALIDADE <input type="checkbox"/> A: Debuxo artístico II Historia da arte <input type="checkbox"/> B: Matemáticas II Física <input type="checkbox"/> C: Bioloxía Química <input type="checkbox"/> D: Latín II Historia da arte <input type="checkbox"/> E: Matemáticas aplicadas ás CC. SS. II Xeografía <input type="checkbox"/> F: Tecnoloxía industrial II Electrotecnia	

Desexa tomar parte nas probas para a obtención dos premios extraordinarios de bacharelato convocados por Orde do de de 2007.

Quen abaixo asina **DECLARA QUE:** de conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará no *Diario Oficial de Galicia* ou na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao amparo desta orde; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a prestación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 29 de maio de 2007 pola que se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2006-2007</i>
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA  <i>Lugar e data</i>  , de de 2007

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		_____
		DATA DE ENTRADA ____/____/____
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS ____/____/____
		DATA DE SALÍDA ____/____/____

ANEXO II

A/O secretaria/o do IES

de  provincia

**CERTIFICA:**

Que a/o alumna/o

acadou a nota media de  nas cualificacións obtidas nos dous cursos de bacharelato, polo que reúne os requisitos establecidos na Orde do 12 de xuño de 2007, co fin de participar nas probas para a obtención dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2006-2007.

*Lugar e data*

, de de 200

Visto e prace do/a director/a A/O secretaria/o

Asdo.  Asdo.

ANEXO III

Relación de alumnado inscrito nos premios extraordinarios de bacharelato 2006-2007, no

de  Provincia

DNI	APELIDOS	NOME	Lingua estranxeira cursada	Opción
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

*Lugar e data*

, de de 200

Visto e prace do/a director/a O/A secretario/a

SELO DO CENTRO

Asdo.  Asdo.

## ANEXO IV

## Materias que compoñen a segunda parte da proba

Opcións	Materias
A	* Debuxo artístico II * Historia da arte
B	* Matemáticas II * Física
C	* Bioloxía * Química
D	* Latín II * Historia da arte
E	* Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II * Xeografía
F	* Tecnoloxía industrial II * Electrotecnia

## CONSELLERÍA DE TRABALLO

*Orde do 29 de maio de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de incentivos á contratación por conta allea como medida para favorecer a inserción da mocidade, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2007.*

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego (Inem) no ámbito do traballo, o emprego e a formación, o exercicio das cales lle corresponde hoxe en día á Consellería de Traballo, ao abeiro do disposto no Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, modificado polo Decreto 20/2007, do 22 de febreiro.

Impulsado polo novo Goberno o proceso de diálogo social de Galicia, e como resultado deste, a Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a UGT-Galicia e o Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia conveñen en subscribir o 5 de febreiro de 2007 o Acordo sobre obxectivos e medidas de emprego de Galicia, que establece os obxectivos que cómpre acadar en materia de emprego neste período na liña de converxencia coa media do Estado e coa de Europa, e as medidas e recursos que se implementarán cara á consecución destes obxectivos, iniciándose unha nova etapa no marco das relacións laborais.

Así, no marco establecido no artigo 40 da Constitución española, na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, nos artigos 29 e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, e no citado acordo, entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais e empresariais, e co obxectivo de que a sociedade galega acade uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social, e de cohesión no territorio, é preciso adoptar políticas que promovan a inserción laboral da mocidade.

A persistencia dunha taxa de desemprego na mocidade máis alta que a desexable á hora de analizar a súa situación laboral, require o deseño de instrumentos e mecanismos específicos no marco das políticas

sociais e de emprego, co fin de poñer á disposición dos mozos e das mozas un amplo abano de actuacións dirixidas a mellorar as súas posibilidades reais de inserción no mercado de traballo, facendo unha especial énfase no deseño e execución dunha serie de medidas.

Os incentivos á contratación por conta allea configúranse como un instrumento para facilitar o acceso e permanencia daqueles grupos de traballadores con maiores dificultades, e, pola súa vez, como una ferramenta para fomentar a estabilidade das novas contratacións e dos cadros de persoal das empresas galegas, coa finalidade de favorecer a creación de máis e mellores empregos e de avanzar no obxectivo de conseguir un mercado de traballo equilibrado cun nivel óptimo de emprego. Así para reforzar a existencia de estabilidade laboral, vincúlanse os incentivos á contratación á existencia dunha taxa de estabilidade nos cadros de persoal das empresas beneficiarias.

Nesta actuación de facilitar a inserción laboral da mocidade, o obstáculo que con máis frecuencia se atopan é o requisito da experiencia laboral para poder acceder a un posto de traballo, pero a experiencia só se obtén traballando, por este motivo unha das liñas de actuación das políticas activas é a de incentivar a contratación en prácticas de mozos e mozas titulados/as.

Porén, o esforzo máis importante que realiza a consellería é o de fomentar o emprego estable. Así, e co obxectivo de potenciar o seu carácter de instrumento ponte cara ao emprego estable, o programa complementase coa configuración de incentivos pola transformación dos contratos en prácticas en indefinidos, fomentando e promovendo a incorporación á empresa como persoal fixo sen ruptura de continuidade.

Nesta liña de actuación, así mesmo, pónense en marcha dous programas dirixidos a acadar maiores niveis de estabilidade no emprego das persoas traballadoras por conta allea. O programa de incentivos á contratación indefinida, no que se incentiva o período de proba co fin de acabar coa realización daqueles contratos temporais que poderían ser utilizados como períodos de proba, e a incentivación dos contratos de revezamento e de substitución por anticipación da idade de xubilación, co obxectivo de incrementar a participación da mocidade nas empresas, garantindo a non destrución de postos de traballo unha vez que os traballadores que os ocupaban rematan a súa vida activa.

Para facilitar a innovación científica e técnica dos sistemas organizativos e produtivos das empresas galegas, como elemento esencial para mellorar a súa produtividade e competitividade, introdúcese un programa de axudas á contratación en prácticas de mozos e mozas titulados/as que se incorporen a empresas de menos de 30 traballadores para ocupar novos postos vinculados a estas actividades.

As bases reguladoras dos programas recollidos nesta orde establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que de acordo coa finalidade e obxecto dos pro-